

**ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DE LATÍN**

**4º DE ESO**

**2020**

**DEPARTAMENTO DE FRANCÉS C.P.I. FONTE-DÍAZ (TOURO)**

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

<b>1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES</b> .....	3
<b>2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN</b> .....	6
<b>3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (recuperación, repaso, reforzo e ampliación)</b> .....	8
<b>4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE</b> .....	9

## 1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES

CRITERIO DE AVALIACIÓN	COMP. CLAVE	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE
LA-B1.1-Coñecer e localizar en mapas o marco xeográfico da lingua latina.	CMCT CCEC CAA CD CSC	4º-LAB1.1.1-Sinala sobre un mapa o marco xeográfico no que se sitúa en distintos períodos a civilización romana, delimitando o seu ámbito de influencia e situando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica.
LA-B1.5-Distinguir e identificar palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos	CCL CAA	4º-LAB.1.6.1-Realiza evolucións de termos latinos ao galego e ao castelán aplicando as regras fonéticas de evolución.
LA-B2.3Coñecer e aplicar con corrección as normas básicas de pronuncia en latín	CCL	4º-LAB2.3.1-Le en voz alta textos latinos de certa extensión coa pronuncia correcta.
LA-B3.1-Identificar e distinguir os formantes das palabras.	CMCT CCL	4º-LAB3.1.1-Descompón palabras nos seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e morfemas, e servíndose destes para identificar desinencias e explicar o concepto de flexión e paradigma.
LA-B3.3-Comprender o concepto de declinación e conxugación.	CAA CCL	4º-LAB3.3.1-Define o concepto de declinación e conxugación.
LA-B3.4-Coñecer as declinacións, encadrar as palabras dentro da súa categoría e declinación, enuncialas e declinalas correctamente.	CCL CAA	4º-LAB3.4.1-Enuncia correctamente substantivos, adxectivos e pronomes en latín, distíngueos a partir do seu enunciado e clasifícaos segundo a súa categoría e a súa declinación.
LA-B3.1-Identificar e distinguir os formantes das palabras.	CMCT CCL	4º-LAB3.4.2-Declina palabras e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada palabra o paradigma de flexión correspondente.
LA-B3.5-Coñecer as conxugacións, encadrar os verbos dentro da súa conxugación, enuncialos e conxugalos correctamente.	CCL CAA	4º-LAB3.5.1-Identifica as conxugacións verbais latinas e clasifica os verbos segundo a súa conxugación a partir do seu enunciado.
		4º-LAB3.5.2-Coñece e identifica as formas que compoñen o enunciado dos verbos de paradigmas regulares e recoñece a partir destas os modelos de conxugación.

<p>LA-B3.6-Recoñecer as formas dos tempos verbais formados a partir do tema de presente e perfecto, tanto en voz activa como en voz pasiva, así como as formas non persoais do verbo: infinitivo de presente activo e participio de perfecto</p>	<p>CLL</p>	<p>4º-LAB3.6.1-Identifica correctamente as principais formas derivadas de cada tema verbal latino: en voz activa o modo indicativo, tanto do tema de presente como do tema de perfecto; en pasiva, o presente, o pretérito imperfecto, o futuro imperfecto e o pretérito perfecto de indicativo.</p> <p>4º-LAB3.6.3-Identifica formas non persoais do verbo, como o infinitivo de presente activo e o participio de perfecto.</p> <p>4º-LAB3.6.4-Traduce correctamente ao galego e ao castelán diferentes formas verbais latinas.</p>
<p>LA-B4.1-Coñecer e analizar as funcións das palabras na oración.</p>	<p>CMCT</p>	<p>4º-LAB4.1.1-Analiza morfolóxica e sintacticamente frases e textos adaptados, identificando correctamente as categorías gramaticais presentes nas palabras con flexión e explicando as funcións na oración.</p>
<p>LA-B4.2-Coñecer os nomes dos casos latinos e identificar as súas principais funcións na oración, e saber traducir os casos á lingua materna adecuadamente.</p>	<p>CCL</p>	<p>4º-LAB4.2.1-Enumera correctamente os nomes dos casos que existen na flexión nominal e pronominal latina, e explica as principais funcións que realizan dentro da oración.</p> <p>4º-LAB4.2.2-Traduce correctamente á súa lingua os casos latinos presentes nos textos e redacta en lingua latina pequenas frases, onde practica o seu uso.</p>
<p>LA-B4.4-Recoñecer e clasificar os tipos de oración simple.</p>	<p>CMCT CCA CCL</p>	<p>4º-LAB4.4.1-Compara e clasifica tipos de oracións simples, e identifica as súas características.</p>
<p>LA-B4.5-Distinguir as oracións simples das compostas.</p>	<p>CAA CMCT CCL</p>	<p>4º-LAB4.5.1-Compara e clasifica tipos de oracións compostas, e diferéncias das oracións simples.</p>
<p>LA-B5.7-Coñecer os espectáculos públicos realizados no teatro, no circo e no anfiteatro, e a súa relación co mundo actual.</p>	<p>CSC CSIEE CCL CMCT CCEC</p>	<p>4º-LAB5.7.1-Describe as características dos tipos de espectáculos públicos celebrados no teatro, no circo e no anfiteatro, valora o seu mantemento no mundo actual e sitúa nun mapa os teatros, os circos e os anfiteatros conservados máis importantes.</p>
<p>LA-B5.4-Coñecer os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina.</p>	<p>CCEC CCL CD</p>	<p>4º-LAB5.4.1-Identifica os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinala os trazos que os caracterizan e establece relacións entre os deuses máis importantes.</p>
<p>LA-B5.5-Coñecer os deuses, mitos e heroes latinos, e establecer semellanzas e diferenzas entre os mitos e os heroes antigos e os actuais.</p>	<p>CAA CCEC CD</p>	<p>4º-LAB5.5.1-Recoñece e ilustra con exemplos o mantemento do mítico e da figura do heroe na nosa cultura, e sinala as semellanzas e as principais diferenzas que se observan entre ambos os tratamentos.</p>
<p>LA-B6.4-Realizar a través dunha lectura comprensiva a análise e o comentario do contido e a estrutura de textos latinos traducidos.</p>	<p>CMCT CD CCL</p>	<p>4º-LAB6.4.1-Realiza comentarios sobre determinados aspectos culturais presentes nos textos seleccionados, aplicando para iso os coñecementos adquiridos previamente nesta ou noutras materias.</p>

LA-B6.1-Aplicar coñecementos básicos de morfoloxía e sintaxe para iniciarse na interpretación, na tradución e na retroversión de frases de dificultade progresiva e textos adaptados.	CCL CAA	4º-LAB6.1.1-Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de frases de dificultade graduada e textos adaptados, para efectuar correctamente a súa tradución ou retroversión.
LA-B6.2-Comparar as estruturas latinas coas das linguas propias.	CCL CAA	4º-LAB6.2.1-Utiliza mecanismos de inferencia para comprender textos de forma global, relacionando estruturas latinas con outras equivalentes nas linguas que coñece.
LA-B6.3-Utilizar correctamente os manuais de gramática e o dicionario, recoñecendo e analizando toda a información que proporcionan.	CCL CAA	4º-LAB6.3.1-Utiliza correctamente os manuais e o dicionario, analizando a información que proporcionan, para traducir pequenos textos.
LA-B7.1-Coñecer, identificar e traducir o léxico latino transparente e as palabras de maior frecuencia.	CD CAA	4º-LAB7.1.1-Deduce o significado de termos latinos non estudados, partindo do contexto ou de palabras da lingua propia.
		4º-LAB7.1.2-Identifica e explica as palabras transparentes e de maior frecuencia.
LA-B7.2-Distinguir e coñecer o significado dos principais prefixos e sufixos que interveñen na composición e na derivación culta.	CMCT CCL	4º-LAB7.2.1-Identifica e explica os principais prefixos e sufixos, analizando o seu mantemento na propia lingua.
LA-B7.3-Recoñecer os elementos léxicos latinos que permanecen nas linguas do alumnado.	CCL	4º-LAB7.3.1-Identifica a etimoloxía de palabras de léxico común da lingua propia e explica a partir desta o seu significado.
LA-B7.4-Coñecer o significado das principais locucións latinas de uso actual e saber empregalas nun contexto axeitado.	CD CSC CCEC CCL	4º-LAB7.4.1-Coñece o significado das principais locucións latinas de uso actual e sabe empregalas no seu contexto axeitado, cando se expresa na súa propia lingua.

## 2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

<b>AVALIACIÓN</b>	<p><b>Procedementos:</b> Control do traballo desenvolto desde o domicilio e revisión periódica de:</p> <p>1. <u>Conectividade:</u></p> <p>Consulta periódica de material e de exercicios subidos pola profesora á aula virtual Moodle Tamén lectura e redacción do correo electrónico.</p> <p>2. <u>Tarefas propostas:</u></p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Corrección e retroalimentación, revisión da entrega dos exercicios elaborados e propostos pola profesora, subidos e entregados en Moodle.</li><li>- Corrección e retroalimentación, revisión da entrega dos exercicios elaborados e propostos pola profesora, e entregados, ás alumnas, no correo electrónico.</li></ul> <p>3. <u>Libro de texto e fotocopias:</u> a partir dos cales se plantexaron repasos de materia e tamén exercicios de gramática, traducción, mitoloxía e literatura.</p> <p>O mesmo libro de texto inclúe exercicios, que podían resolver e entregar por correo electrónico.</p> <p>4: <u>Seguimento en diferido:</u> planificación do traballo, publicación, corrección e retroalimentación de tarefas a través de mensaxería, correo electrónico e Moodle. Todos estes instrumentos foron utilizados ademáis para dar indicacións, resolver dúbidas e manter contacto co alumnado, cos titores, co resto do profesorado e cos país e nais que o necesitaron.</p> <p><b>Instrumentos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Aula virtual Moodle: textos, documentos subidos, follas de exercicios, informes de uso, mensaxes.</li><li>- Correo electrónico</li><li>- Opción de videoconexión por Webex para aclarar dúbidas.</li><li>- Sistema de mensaxería por móbil: WhatsApp (a través do teléfono do instituto)</li><li>- Fotocopias, e libro de texto en papel, que levaron para casa.</li></ul>
<b>CUALIFICACIÓN</b>	<p><u>-Para o alumnado que non e non entregue as tarefas propostas na 3ª avaliación,</u> (nin por aula virtual nin por correo electrónico, nin por mensaxería) a nota será a media das cualificacións obtidas na 1ª e na 2ª avaliación.</p>

<p><b>FINAL</b></p>	<p>- <u>O alumnado que si contacte e realice as tarefas solicitadas na 3ª avaliación, contará coa posibilidade de subir a nota obtida da media entre a 1ª e 2ª avaliación</u>, en función de se as entrega todas ou non, e do nivel de elaboración e corrección que presenten. Así, a nota final será a resultante da obtida contando as da 1ª, a 2ª e a 3ª nas porcentaxes de (40%, 30% e 30% respectivamente) sempre que ese resultado dea unha nota superior á media da 1ª e 2ª avaliación.</p> <p>Por tanto, o realizado ou non na 3ª avaliación non baixará a nota, só se terá en conta para subila, se é o caso.</p> <p>Os exercicios propostos baseáronse nos estándares da 1ª e 2ª avaliación.</p>
<p><b>PROBA EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO</b></p>	<p>- <u>No caso de que sexan posibles as probas presenciais:</u></p> <p>O alumnado deberá facer o exame presencial, elaborado con preguntas e exercicios sobre os estándares básicos traballados na 1ª e 2ª avaliación. A nota neste exame, para obter o aprobado, deberá ser igual ou superior a 5.</p> <p>- <u>Se por imposición sanitaria e legal non se poidesen facer probas presenciais:</u></p> <p>O profesora habilitará unha proba virtual con preguntas e exercicios sobre os estándares básicos traballados na 1ª e 2ª avaliación. Para aprobar o alumnado deberá obter nela unha nota igual ou de polo menos un 5.</p>
<p><b>ALUMNADO CON MATERIA PENDENTE</b></p>	<p><b>Criterios de avaliación e cualificación, instrumentos e procedementos:</b></p> <p>Falamos latín de 4º, e non o había en cursos anteriores, por iso non contamos con alumnado que teña pendente esta materia.</p>

### 3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (recuperación, repaso, reforzo e ampliación)

<b>ACTIVIDADES</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Redacción e envío, mediante Moodle, de documentos con resumos explicativos, previos á solicitude de actividades.</li><li>- Elaboración e corrección de follas de actividades e exercicios, por parte da profesora. Esas follas foron subidas, periódicamente e con prazos de entrega, a Moodle para que o alumnado as contestase e reenviase.</li><li>- Tamén foron enviadas por correo electrónico, a alumnos concretos, que en momentos puntuais.</li><li>- Indicación, por medio do correo electrónico, de certas fotocopias e páxinas do libro de texto que o alumnado debía repasar (material que tiña na súa casa)</li><li>- Solicitude de exercicios, presentes nesas fotocopias e nese libro de texto, exercicios que o alumnado enviou a través do correo electrónico.</li><li>- <u>Elementos de reforzo e recuperación</u>: os exercicios solicitados estaban baseados en materia dada na 1ª e 2ª avaliación, polo que xa supuñan, en si mesmos, unha forma de repaso para todo o alumnado.</li><li>- <u>Ampliación</u>: este curso só contamos con dúas alumnas de latín con bo nivel. Isto posibilitou unha pequena ampliación de materia na 3ª avaliación para evitar que teñan problemas no curso seguinte.</li></ul>
<b>METODOLOXÍA (Alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>- O alumnado recibe o repaso e as explicacións pertinentes, por escrito, de como facer os exercicios solicitados e de aspectos que poideran plantexarlles algunha dificultade. Isto faise a través da aula virtual e do correo electrónico.</li><li>- O alumnado fai as tarefas solicitadas e envíaas mediante aula virtual ou por correo electrónico.</li><li>- Indícanse as follas do libro de texto e fotocopias que deben repasar e que están no seu poder en casa.</li><li>- Contéstanse as súas dúbidas a través de mensaxes por aula virtual e por correo electrónico.</li><li>- Tamén, a través do correo electrónico, se contestan as dúbidas puntuais que poden plantexar país e nais.</li><li>- Establécese contacto habitual cos titores, co equipo directivo e co resto do profesorado mediante grupos de WhatsApp e</li></ul>



	videoclaustros, para informar e recibir información sobre o alumnado.
<b>MATERIAIS E RECURSOS</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Aula virtual Moodle para a información, mensaxes, recollida de documentos e tarefas do alumnado.</li> <li>- Correo electrónico para a información, mensaxes, recollida de documentos e tarefas do alumnado.</li> <li>- Fotocopias, libro de texto en papel , facilitados durante as etapas presenciais, e dos que dispuñan na casa.</li> <li>- WhatsApp, a través a través dun grupo, para contactar co profesorado.</li> <li>- Webexi para videoclases e videoclaustros.</li> </ul>
<b>ASPECTOS DA 3ª AVALIACIÓN QUE NON POIDERON DARSE</b>	<p>Houbo estándares correspondentes á 3ª avaliación que non poideron traballarse. Estes estándares baséanse:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- No referente á lingua: aspectos relacionados con determinantes, pronomes, certos tempos verbais e construcións latinas</li> <li>- Na parte de literatura grecolatina: a lírica.</li> <li>- Tampouco se poideron traballar estándares relativos á historia, política e cultura de Roma, que forman parte da materia.</li> </ul>

<b>4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE</b>	
<b>INFORMACIÓN AO ALUMNADO E AS FAMILIAS</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Publicación a través da aula virtual Moodle , da páxina web do centro e da mensaxería ABALAR</li> <li>- Explicación ó alumnado en directo nas clases por videoconferencia.</li> </ul>
<b>PUBLICIDADE</b>	Publicaciónna páxina web do centro, aula virtual e abalar.

MARÍA LOURDES PIÑÓN LÓPEZ 09/05/2020